



## REFRANES, PROVERBIOS Y DECIRES GALLEGOS

RECOGIDOS

POR EL QUE FIRMA Y NO CONTENIDOS EN LA GRAMÁTICA DEL  
SEÑOR SACO-ARCE

---

(Conclusión).

I

Ir á corte e mata-l-as todas.  
Ir por besta e volver por burro.  
Irs'o comido po-l-o servido.

J

Jun'tó galo, a galiña nóva, non vélla, pra que o galo estea'lécita.  
Justo, justo, sólo Diós.

GALICIA.—OCTUBRE, 1887.—T. I.—V. II.—Núm. 10.

55

## L

Labor feito nada pide ó por facer.  
 Labrador cazador, coellos n'a despensa e fame n'o comedor.  
 Labrador chalán non cólle viño, nin pan.  
 Labradores nóvos, mal po-l-os comareiros.  
 Labra feita, bóis ó moute.  
 «Lavada. ¡Ós tres dias náda!», dijoll'o millo á liñaza. E contestou éla:  
 «Nugallanzon. ¡Un mes baix'o terron e inda se vou se non vou!»  
 Leña d'ameneiro arde n'o regueiro.  
 Leña verde e gente moza todo é fume.  
 Liño d'Holanda pesa e non anda.  
 Longe d'a vista, longe d'o corazón.  
 Lunes e martes lava a curiosa, miércoles e juéves a envidiosa, sábado a  
 priguizosa.  
 Lus e crus, diante.

## M

Machada de carpinteiro, calzon de ferroiro e filla de taberneiro n'os queiras  
 por ningún diñeiro.  
 Madeira de sérra e pan de cazóla nunca sobra.  
 Madeira serrada, plata labrada.  
 Máis moscas junta entena de mél que ola de vinagre.  
 Máis s'engañan que os que bében.  
 Máis vale entrar póbre n'o céo que rico n'o inférno.  
 Máis vale tunda de pai que cariño d'amo.  
 Mal de móitos, consólo de bóbos.  
 Mália ó dente que cóme a semente.  
 Mália ó rato que non sabe máis d'un burato.  
 Mal sono dórme quén veneno cólle.  
 Mans, que non dades, ¿que buscades?  
 Mayo chuvioso, vran caloroso.  
 Médico véllo e abogado nóvo.  
*Memento mei Deus quia ventus est, dácam'os cartos e tóma os papés.*

Mentra-l-o pau vai e vén, descansa o lombo.  
 Mentras auga teña o Miño, n'o Riveiro non falta viño.  
 Mentras capo n'asubío.  
 Mentras estou co-a nai n'estou co-a filla.  
 Mentras tempo non vén, sazón pasa.  
 Meu carriño nóvo, ¿quén te fai vélo? Catro meses de vran e oito d'inverno.  
 Miña cousiña nóva, tres días n'o peneiriño.  
 Miña Virgen de quén tén, teña eu máis que ninguén.  
 Misa nóva, crégo vélo.  
 Móitas veces fala un porque tén léngua.  
 Morra Marta e morra farta.  
 Mórte d'uns, vida d'outros.  
 Mórto o can, mórta a rabia.  
 Moscatél non vai ó pichél.  
 Moza a novia e vélo o novio, casamento de córno; vélo el e vélla éla, ca-  
 samento de m....  
 Moza de Déza e vaca d'a Ulla, de cent'unha.  
 ¡Moza póbre e bén vestida! Mal me cheira a chamusquina.  
 Moza, qu'á móitos fai cara, digoche, Jan, qu'é unha maula.  
 Moza, que móito s'arrisca, ou quér novio, ou quér trisca.  
 Muíño parado non gana maquía.  
 Muíños d'herdeiros e béns de menores son os piores.  
 Mullér parida, carreira abaixo, carreira arriba.  
 Mullér, que c'o marido non cóme á mesa, algo pra si garda n'a artesa.  
 Mullér, que móito fala, ó millor desbarra.

## N

Nabos e fidalgos, raros.  
 N'a casa d'o bo amo alí mórre o bo criado.  
 N'a casa d'o ferreiro non tentar e n'a botica non probar.  
 N'a casa d'o rico, que fai mala vida, puntada larga e acabar agaña. N'a  
 casa d'o póbre, que dá d'o que tén, puntada corta e asegurar ben.  
 Nadie as faga, que, tarde ou cedo, todas se pagan.  
 Nadie diga: «d'esta auga non beberei.»  
 Nadie naceu deprendido.  
 Nadie vai ó río que non se molle.  
 N'a hucha abérta o justo péca.

- N'a miña terra, meu haber m'honra; n'a terra de fóra, a roupa m'abona.  
 N'a mocedá e roupa rachada todo engarra.  
 N'a semana d'a Ascension, tres dias carne e tres dias non.  
 N'a terra allea as vacas escórnan ós bóis.  
 N'hai amor firme com'o primeiro, nin lua clara com'a de janeiro.  
 N'hai atallo sin traballo, nin rodeo sin recreo.  
 N'hai blanca sin tacha, nin morena sin gracia.  
 N'hai boda póbrega, nin mortuorio rico.  
 N'hai carne sin óso.  
 N'hai feira mala; o que un pérdese outro gana.  
 N'hai feita sin desfeita.  
 N'hai macho sin femia.  
 N'hai pega sin mancha negra.  
 N'hai pior duro que o desnudo.  
 N'hai pior xordo que o que non quér oír.  
 N'hai plazo serodio.  
 N'hai soberbia que non caya.  
 N'hai tolo sin idéa.  
 Nena, que de sí non tórna, é porta sin taravelo.  
 Neno d'á ano, vara de pano.  
 Neno mimadiño, neno perdidíño.  
 N'é o qu'a lua pinta, qu'é o que Dios dita.  
 Néve febreiriña pica-a galiña.  
 Nin besta de moita hérba, nin hóme de móita vérba.  
 Nin de véllor, nin de neno, non te sentes n'o penedo.  
 Nin po-l-o bo tempo t'agaches, niñ po-l-o malo te mates.  
 Nin po-l-o inverno deixe-l-a capa, nin po-l-o vrau a alparagata.  
 Non digas mal de nadie e non t'engañarás; pensa mal de todos e sobre ti  
 estarás.  
 Non péca de gula quén nunca tuvo fartura.  
 Non pudo dar n'a besta e dou n'a albarda.  
 Non sabe o qu'é unha hora millorada a mullér que non pareu.  
 Non sabe o raposo cantas galiñas dórmen fóra.  
 Non saben o que pérden os que non saben de nós.  
 Non sea tanta a oera qu'arda a ilesia.  
 Non sea tanto o tirar que parta a córda.  
 Non sémpr'o alcacón está pra gaitas.  
 Non s'engaña quen non conta.  
 Non se sabe o que pesa a carne en canto n'o dí a romana.  
 Non todo-l-os dias é martes d'entróido.

Non todo-l-os que dán son bos.  
 Non todo o que relóce é ouro.  
 Non todo o que se dí se fai, nin todo o que se dí se fai.  
 Non tómes por dóna muller replicona.  
 Norte oscuro, vendabal seguro.  
 N'o tempo d'a grada o dono a trague (él y no otro es quien se sirve de ella).  
 N'o tempo e n'a morte n'hai fianza.  
 N'os entérrros, os achegados e n'as honras, os convidados.  
 Nubes á montaña, véllas á borralla; nubes á riveira, véllas a rajeira.  
 Nunca chóve como trona.  
 Nunca choveu que n'escampase.  
 Nunca faltou Jan pra Sabéla.  
 Nunca faltou tolo pra tola, nin tapon pra ola.



O barato de balde é caro.  
 O barato saca o carto d'o farrapo.  
 O bén feito bén parece, e o que o fai algo merece.  
 O bo pleiteante, dixo Toné, boca cerrada, bulsa aberta e listo d'o pé.  
 O bói po-l-a córda, e o hóme po-la palabra.  
 O borracho lógo solta o que tén n'o papo.  
 Óbras, d'as sobras.  
 O caldeiro, n'o lameiro, e o póte, n'o fumeiro (al humo).  
 O caldo d'as paridas non fai mal ás preñadas.  
 O can de Jan Torrado canto fai co-a man desfai c'o rabo.  
 O cariño d'os móitos anda ós poucos.  
 O casado, casado sémpre.  
 O castiñeiro, n'a man ó burato e o carballo, n'o carro.  
 O centeo, basto n'a hucha e non n'o terreo.  
 O crégo e mai-l-o zorro, se pérden a mañan préden o dia todo.  
 O criado mal mandado, poñe-l-a mesa e mandá-l-o á algun recado.  
 O démo, pr'as facer, pón unha manta, e pr'as descubrir, toca unha gaita.  
 O entróido, co-as suas artes, botou á San Matías fóra d'ó martes.  
 O fiado leva a mitá d'o clavo.  
 O fillo d'o cân ha de roe-l-o óso.

Ofrecer e non dar ós tolos fai alegrar.  
 O hóme de bén non deshonra á ningúon.  
 O hómo, onde nace, e o bói, onde paco.  
 O óvo e a avelan, con fórme vóñen van.  
 O inverno cóme e non cria.  
 Oir campanas e non sabor onde.  
 O lume é media mantenza e, sobre coa, mantenza enteira.  
 O lume é o capon d'o póbre.  
 Olo, de xastre, e compás, de carpinteiro.  
 O mal d'o pai e'o fillo vai.  
 O medo garda a viña e non quén a vendima.  
 O montir n'é hablidá.  
 O millo rascado é ncho a cesta e o ferrado.  
 O moito falar é vicio.  
 O mozo pódo morror, pero o véllo non póde vivir.  
 Ond'hai cartas calan barbas.  
 Ond'hai cepos, lógo un fai achas.  
 Ond'hai crêgo, ou albarda, sémpro'hai hóra millorada.  
 Ond'hai galo, non canta galiña, se non que o galo teña a morriña.  
 Ond'hai ouro lógo relóce.  
 Onde cabe un carro cargado, Bén cabe un hóme á seu cabo.  
 Ond'el non tire viño, escusan d'ir outros por auga.  
 Onde monos se pensa, salta a lébre.  
 Onde n'hai fariña, nin relon, todos falan sin razon.  
 Onde n'hai malicia, n'hai pecado.  
 Onde n'hai mórte, n'hai mala sórte.  
 Onde non se pórde algo, todo é miséria.  
 Onde non te chámen non te metas.  
 Onde non ves lobo, cata lobo.  
 Onde perda-l-a capa, alí a cata.  
 Onde se pensa qu'hai touciños, n'hai corres.  
 Ond'un há d'ir, n'há de mentir.  
 Ond'unha pórtá se cerra, outra s'abre.  
 Ond'un non corre, non cansa.  
 Onde vai a fouce, vaya o maugo.  
 ¿Onde vás, Clemente?—Vou co-a gente.  
 ¿Onde vás, tolo?—Onde van todos.  
 Onde vexas orolla, mete cebada, e onde non vexas corpo, non poñas carga.  
 Onde vires bulla, escápate, se non qués ser testigo, nin parte.  
 O paxáro d'a devesa un o axexa e outro o pesca.

- O papel rége todo.  
 O pau e a pédra n'o camiño médran.  
 O pesar todo é sede.  
 O qu'á cerdeira non sóbe, malas zrejjas cóme: se sóbe e cai, pior lle vai.  
 O qu'agarda po-l-o que vén de fóra, agarda po-l-o que vén tarde é sin hóra.  
 O qu'á sólas fas n'a casa póidan todos ver n'a plaza.  
 O que bailador fói de mozo, de véllo inda vai á rua.  
 O que baila sin tanguer, ou é tolo, ou quére ser.  
 O que calza alparagatas e de mulléres fai caso, nunca juntará diñeiro e sémpr'andaré descalzo.  
 O que compra con diñeiro que n'é seu non diga que compra, senon que vendeu.  
 O que con Diós anda, con Diós médra.  
 O que con rapaces se deita, lujado se levanta.  
 O que consigo se consella, consigo se depena.  
 O que contas non bota, contas n'atopa.  
 O que debía e pagou, tiña dolor e sañou.  
 O que de mozo non tolea, de véllo pérde a cabeza.  
 O qu'en Agosto e Setembre non dá cebada, en San Juan non fai jornada.  
 O qu'está de Diós, n'o léva o démo.  
 O que mata é o escrúpulo.  
 Ó que móito quére agarrar, pouco lle dan á apreixar.  
 O que n'a sua casa cóme morriña, n'a allea quére carneiro e galiña.  
 O que n'é hóme n'a térra, n'é home n'a guérra.  
 O que n'este mundo fai mofa, n'o outro, foza.  
 O que n'este mundo fai risa, n'o outro, tóca a chifra.  
 O que non cai á maza, cai á espadéla.  
 O que non fuma nin bebe viño, leva-o o démo por outro camiño.  
 O que non garda non tén.  
 O que non mata engorda.  
 O que non sinte a palabra, non sinte a pancada.  
 O que non sucéde n'un ano sucede n'un día.  
 O que non tén carro nin bóis, anda antes ou despóis.  
 O que non tén que facer, seus nabos sacha, ou sacha os nabos antes de nacer.  
 O que non tén senon unha sortella, non sabe en que dedo a poña.  
 O que paga a Jan e debe á Andrés, tén que pagar outra ves.  
 O que pérde o burro e topa a albarda, ja non sofre pérda tanta.  
 O que porfeita cria, sempre tén alegría.  
 O que queira comer morriña, coma carneiro en Janeiro e en Mayo galiña.  
 O que queira comer patacas en San Juan, bote-as cando ó pan.

O que queira te-l-a fortuna tórta, machee a vaca e femee a pórcia.

O que queira ter fillos lapeiros, destine-os á crégos, ou á gaiteiros.

O que quíera tomar venganza de seu veciño, poña-l'l'a vida en diñeiro e en pan cocido.

«O que sea meu amigo verdadeiro, veñam'a ver o vinte de Janeiro,» dixo o santo de Pico-Sagro.

O que s'escribe, lese.

O que se levanta cedo, repara o seu e mai-l-é alleo.

O que seu can quér matar, Arrabia lle pón por nóme.

O que s'usa non s'escusa.

O que tén arte vai por toda parte.

O que tén avea non pasa sin cea.

O que tén besta e anda a pé máis besta el é.

O que tén besta soña n'a albarda.

O que tén capa escapa, e o que n'a tén escapa tamén.

Ó que tén de cegar, po-l-os ollos l'l'ha de-dar.

Ó que tén fillos non lle podrece o pan.

O que tén fillos non reventa de cheo.

O que tén fillos non toupá.

O que tén lingua á Roma chega.

O que tén móitas mulléres nunca enviuda.

O que tén tenda quér que l'l'atenda, e se non que a venda.

O que un non quere outro apetece.

O que vai á abogado nunca vén desconsolado.

O que vén dado, nin é pouco nin é malo.

O que veña atrás qu'arree.

O rapás que n'aprende a doutrina, pau de carballo á redor d'a petrina.

O regalo d'o póbre é un cigarro despois que cóme.

O Riveiro é o inférno d'as bestas, e o purgatorio d'os cans

O rosario non priva a misa.

O roubado non lóce.

Os cartos cóllens'unha ves, e antes contan-se tres.

Os móitos fillos empobrecen ós páis.

Os rapaces non son hómes.

Os traballos d'os casados son traballos honrados.

O tempero vai n'a man.

O tempo fai culléres.

O traballo d'os rapaces é pouco e quén o pérde mói louco.

O traballo non mata, pero amata.

Ou á Díos, ou é démo, ningún deixa de servir, sint'os que sirven á entrambos.



O vélllo ménte bén n'a sua térra; o mozo, n'a allea, mónte que rabea.  
 O viño barato saca o carto d'o farrapo.  
 O viño con pasion tira esta d'o corazón.  
 O viño é a sangre d'os vélllos.  
 O viño fai ó vélllo moçoño,

## P

«Palabra» dixoll'o lobo á cabra.  
 Palabra e pédra solta non tén volta.  
 Palabra por decir non tén chata.  
 Pallas mórtas n'alumean.  
 Palleiro sin palla non se fai.  
 Pano podre non garda puntada.  
 Papas e pan unha casa desfan: papas e bolo desfan-a de todo.  
 Para mullér parida e tea urdida, non falta a gracia de Diós.  
 Pascua en Marzo, ou fame ou mortazo.  
 Pasou o santo, pasou o romaría.  
 Pensa móito e fala pouco.  
 Perdonar, que s'houbo descortesía, culpa foi d'o bico d'abaixo e d'arriba.  
 Pesa máis mogena, que feixe de leña.  
 Pleito de póbre n'a próba mórrre.  
 Póbre, á festa convidado, tira a barriga de mal ano.  
 Póbre d'o póbre, que todo o mundo o móle.  
 «¡Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes,» dixo o raposo ás galiñas.  
 Poda en Janeiro, vendima n'o sombreiro.  
 Poda en Marzo vendima n'o regazo.  
 «Pode-me quén sépa e áteme calquéra,» dixo a viña ó labrador.  
 Po-l-a Candelaria cásans'os paxariños e vais'a Galiñóla.  
 Po-l-a liña vén a tiña.  
 Po-l-a santa báixas'a peana.  
 «Po-l-a Santa Mariña, báixam'a porretiña,» dixo a cebola.  
 Po-l-a Santa Mariña, deixa a sacha e colle a fouciña.  
 Po-l-a Santa Mariña, vai ás tuas viñas, e cal as cates, tal as vendimas.  
 Po-l-a sona buscas'a persona.  
 Po-l-o que garde n'o meu peito non teño pleito.  
 Po-l-● San Anton (Abad), toda galifia pón: po-l-a Candelaria, a boa e a mala.

Po-l-o San Pedro burro quedo.  
 Po-l-os santos béixans'as pédras; por causa d'as mozas, ouséquiens'as véllas.  
 Polvo en Abril, lama en Agosto.  
 Por bén facer, mal haber.  
 Por Pascua de Resurreucion tres cousas non tén sazon: sardiñas saladas,  
 castañas asadas e predicacion.  
 Por un puñado de fariña non queden as papas raras.  
 Potro, de potróla; becerro, de vaca vólla.  
 Poucas son as malas fadas, oito meses e tres semanas.  
 Pouca terra bén abonada, va-l-a móita mal traballada.  
 Pouco aceite dan por un carto.  
 Pr'abaixo todos-l-os santos ayudan.  
 Pra a misa e pra o souto, n'hai qu'esperar un por outro.  
 Pra o pan fornar, quér o bói trembar.  
 Pra o póbrec sempre' é nóite.  
 Pra un ir á menos non se precisan empeños.  
 Predícame, frade; por unha orella m'entra o por outra me sale.  
 Prenda de gallego diñeiro vale.  
 Primeiro cai un mentiroso que un coxo.

## Q

Quéixas'un d'as que tén e non sabe as que lle vén.  
 Quén á sua filla quixer casar, dell'o cóntofollas á lavar.  
 Quén aúna por San Juan, ou é tolo ou non tén pan.  
 Quén bén ata bén desata.  
 Quén comeu a carne que roa o óso.  
 Quén con augas se cura, pouco dura.  
 Quén con móitos se consella, fai o que non debe, ou cerdea.  
 Quén con pólvora s'adivirte, n'o corpo o sinte.  
 Quén de Diós está qu'ha de ser póbrec, nunca rico mórrre.  
 Quén de todo sé admira, ou é parvo, ou se fai el.  
 Quén dixo pan dixo trigo.  
 Quén erra e s'emenda, á Diós s'encomenda.  
 Quén fixo o cesto que lle poña o aro.  
 Quén máis mira, menos ve.  
 Quén mal decrúa, n'a arrenda o súa.  
 Quén manda, non róga.

Quén mércia ruin pano, merca duas veces n'ó ano.  
 Quén m'bito córrre, lógo pára.  
 Quén non goberná a leña, non goberná cousa que teña.  
 Quén non tén máis que unha filla non póde ter máis d'un genro.  
 Quén non tén rabo de palla, non tén medo ó lume.  
 Quén ó adiante non mira, atrás se queda.  
 Quén o pouco desprecia, menos merece.  
 Quén ó sementar, é mesquiño, pra a seltura escusa fouciño.  
 Quén o seu mal teña por móito conte-ll'o a outro.  
 Quén ós lóstregos non téme, á Diós ofénde.  
 Quén ós paxaros recea, millo miudo non semea.  
 Quén ós seus desagarima, ós alleos nada pida.  
 Quén padeza d'as móas, qu'acuda á dentuza.  
 Quen parece que non tripa as hérbas, pronde vai, tólleas.  
 Quén pareu, que arróle e, senon, pasar sin hóme.  
 Quén quére á Beltran, quére ó seu can.  
 Quén rouba á un ladron, gana cén anos de perdon.  
 Quén se laya e non cóme, nin sonea, lógo dá os fios á tea.  
 Quén seus criados non vai á ver, venda o que tén pra os manton.  
 ;Quén te fai rico?—Quén che fai o pico.  
 Quén vai en carro, nin vai á pé nin á cabalo.  
 Quén vive de recordos, vive entre mórtos.  
 Que o hóme se póida ver, coma n'os cristás d'a fonte, n'os ollos d'a sua mullér.

## R

Regalo de monja, ferrado de trigo.  
 Regalo de póbre, á pretension óle.  
 Rei ó quén Rei non ve.  
 Renégo d'a grade que léva os terrons todos.  
 Roupa lavada po-l-o sól agarda.  
 Rubiás ó sól nado, pigoreiro, andarás mollado. Rubiás ó sól pósto, pigoreiro, andarás enxóito.

## S

Saben todo-l-o que bebo e non a sede que teño.

Sabe un á onde chegou e non sabe a onde chegará.

Sacristan que vénde cera e non tén o colmenar, *rapaverum*, *furtaverum*  
as veliñas d'o altar.

S'a nóite de Navidá foi de luar, labra bén pra sementar. S'a nóite de Na-  
vidá foi d'escuro, sementa n'o terron duro.

Santos, ó céo.

Sardiña que o gato léva, aquela gandida vai.

Sarna con gusto non pica.

Sea o santo que fore, *ora pro nobis*.

Se Diós quér e hai proporcion, en fillos e pitos légo s'un pón.

Sementeira n'a semana de San Roman (mes de Novembro) nin palla nin  
gran; n'a de Santa Baya (Diciembre), gran e máis palla.

Se qués á tua mullér boa, dalle cerboa.

Se qués conocer á Periquiño, dall'un mandiño.

Se qués ó teu hóme sao, dall'avelao.

Se qués ser póbre sin sentir, fai obras n'os días pequenos e deitat'a dormir.

Se qués ter abellas; mira-as po-l-as Candeas (Candelaria), e, se qués méll  
mira-as po-l-o San Miguél.

Se qués ter bo viño, engerta de boa cepa.

Se qués vivir móito tempo, faite de mozo vélllo.

Se ti t'alabas ¿que dirán os máis?

Se vas pra Déza, que-o pan non ch'esquéza, e se vas pra Camba, leva-o  
n'a manga.

Soldado gallego n'a guerra hai que ve-l-o.

Soltam'e verás como corro.

«S'o millo fose pouco, botá-l-o d'un saco n'outro.» dixo a galiña cando falou.

S'o qu'estudia non sabe, o que n'estudia mal póde saber.

## T

Tan bonita é a culpa que nadie a quér.

Tan longa fói a romaría, com'o día.

Tanto dá comer, como estar comendo.  
 Tempo contado lógo pasa.  
 Tendo salú e comendo bén, o traballar non mata a ninguén.  
 Térra que dá o cardo, pra min a gardo; a que da o espiño, pra meu veciño.  
 Térra sin abono acaba con seu dono.  
 Ti bailaches e eu bailei, ti como sabes e eu como sei.  
*Tibi aras, tibi ocas*, pra ti son as mazarócas.  
 Tira un a pédra e non sabe ond'irá dar.  
 Toda carne cóme o lobo, meno-l-a sua, que lambe.  
 Todos son bos e a miña capa n'aparece.  
 Torcer pra dentro, andar de trencó; torcer pra fóra, andar que namóra.  
 Traballar, sin réglá, é morrer sin fé.  
 Trono d'o solano, pouca auga, e, se cadra, móito daño.  
 Tronos en Marzo, ou fame, ou mortazo.

## U

Unha ave sóla, nin canta, nin chóra.  
 Unha por outra n'é pecado.  
 Unhas e outras botan ó crégo de poutas.  
 Un mata e outro esfóla.  
 Uns érguen a caza e outro-l-a matan.  
 Uns nacen deitados e outros de pé.  
 Uns ténden as redes e outros cóllen os peixes.  
 Urdir e tecer non póde ser.

## V

Vaca de móitos, bén mogida e mal mantida.  
 Vacas d'a Ulla e mullér de Bendóiro n'as metas n'a casa, que ch'é un agóiro.  
 Vai c'os da feira e vén c'os d'o mercado.  
 Vai o véllo morrendo e mais deprendendo.  
 Vale máis cair en gracia que ser graci oso.  
 Vale máis codia dura que pédra móla.

Vale máis córda vacía que ruin compraduría.  
 Vale máis gran de sobra n'a moéga que muíño en espéra.  
 Vale máis maña que forza.  
 Vale máis neno contento que pucho de zreijas.  
 Vale máis nublado d'Agosto que sól de Setembre.  
 Vale máis onza de trato que libra de traballo.  
 Vale máis pouco diario que móito de raro en raro.  
 Vale máis ruin compostura que bo pleito.  
 Vale máis ruin conocido que bo por conocer.  
 Vale máis ser arreeiro d'unha besta, que criado d'unha récua.  
 Vale máis ser pillo que pillado.  
 Vale máis solo que mal acompañado.  
 Vale máis solteiro que mal casado.  
 Vale máis tarde que nunca.  
 Vale máis ter libros de conta que conta de libros.  
 Vale máis véllo honrado que mozo desvergonzado.  
 Van os cans onde n'os chaman e dánlles pedradas.  
 Váyas'a tenda e quede o tendeiro.  
 Viño, á pasar; auga á fartar.  
 Viño blanco e mullér, o primeiro que viñér.  
 Viño de Mayo, pouco e malo.  
 Visperas e completas, co-as mans n'as calcetas.



Xastro d'as Baiñas cóse de balde e máis pón as liñas.



Zapato burgues, besta d'andadura e amigo cruñes pouco duran todos tres.

MARCIAL VALLADARES.